

# REGULAMENTO DAS NORMAS XERAIS DO SERVIZO DO COMEDOR NO C.E.I.P ILLAS CÍES PARA O CURSO 2024/2025.

## PREÁMBULO

O servizo de comedor escolar converteuse na sociedade actual nunha demanda familiar de primeiro orde. É unha opinión xeral o influxo beneficioso deste servizo no proceso educativo, en canto potencia o desenvolvemento de hábitos e actitudes de convivencia, colaboración e hixiene, contribuíndo deste xeito á formación integral do alumnado.

## CAPITULO

### CONDICIÓNS XERAIS.

#### ART.1º - ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As normas do servizo de comedor afectarán ós nenos/as matriculados no C.E.I.P. Illas Cíes e que sexan solicitantes ou usuarios do comedor, sendo previamente socios da ANPA.

#### ART. 2º - VIXENCIA.

As normas aquí reguladas terán a súa vixencia dende o mes de setembro do 2024 ata xuño do 2025.

Durante a súa vixencia o Consello Escolar poderá modificar as normas aquí establecidas.

#### ART.3º-USUARIOS.

Os usuarios do comedor poderán establecerse en catro tipos:

- **Nenos/as bolseiros:** son aqueles que previa petición a Consellería de Benestar Social do Concello de Vigo se lles concedeu unha bolsa para o comedor.
- **Nenos/as fixos non bolseiros:** son aqueles nenos/as dos que se coñece exactamente os días que mensualmente come no comedor (5, 4, 3, 2, 1 días á semana) ou ben semanas alternas.

- **Nenos/as fixos de programación mensual:** son aqueles nenos que non comen sempre o mesmo número de días ó mes no comedor. Deben comunicar ó responsable de comedor os días que precisan na última semana de cada mes.
- **Nenos/as eventuais:** son aqueles nenos/as que fan uso do comedor de xeito esporádico.

#### **ART.4º-RESPONSABLE (S) DA XESTIÓN DO COMEDOR.**

A xunta directiva da A.N.P.A. designará unha ou varias persoas responsables de coordinar, xestionar e controlar o bo funcionamento do servizo de comedor. Dita ou ditas persoas servirán de enlace entre pais/nais, coidadoras, colexio, A.N.P.A., F.O.A.N.P.A.S. e empresa provedora do servizo. Calquera circunstancia que as familias desexen manifestarlles deberá presentarse por escrito.

En ningún caso o colexio poderá levar a cabo a oferta de servizo de comedor, se non existe a figura do responsable de dito servizo.

O/A responsable de comedor da ANPA levará a cabo as seguintes funcións:

- Responsabilizarse da documentación dos/as usuarios/as do comedor.
- Facer visible e actualizado un cadro cos teléfonos de urxencia: bombeiros, policía local, centro de saúde, ambulancia, etc.
- Farase cargo da revisión da reposición dos distintos elementos que compoñen a botica escolar, así como a revisión da data de caducidade.
- Reunión con FOANPAS a principio de curso.
- Comunicar á ANPA e á Dirección as deficiencias que poidan presentar as instalacións do comedor escolar.
- Comprobar se se respectan as normas de convivencia e comunicar á ANPA e á Dirección as incidencias que se produzan, así como o rexistro das mesmas.
- Comunicar telefónicamente ás familias en caso de accidente ou indisposición dalgún neno ou nena usuario/a do comedor. No caso de non estar presente, esta función poderaa desempeñar calquera das camareiras ou coidadoras.
- Responsabilizarse diariamente de comunicar á empresa que presta o servizo dos imprevistos que poidan xurdir: anulacións de comidas, axudas especiais, alumnado eventual, etc.

## **CAPITULO II**

#### **CRITERIOS PARA ACCEDER AO SERVIZO DE COMEDOR.**

Todo neno que desexe acceder ao servizo de comedor deberá estar libre de calquera débeda con dito servizo e coa A.N.P.A. O Cruceiro.

Todo neno que desexe facer uso do servizo de comedor deberá xustificar que é socio da ANPA mediante a presentación do recibo do pago.

#### **ART.5º - SOLICITUDES.**

A directiva da A.N.P.A. establecerá un prazo para a entrega de solicitudes do servizo de comedor; dende o 1 ó 31 de maio do 2024. Dito prazo comunicarase con antelación ós pais e nais. Coincidirá na medida do posible co da solicitude de axudas ao Concello.

Abrirase un 2º prazo de novas solicitudes, coincidindo cos prazos de solicitude de praza do centro. (ate o 30 de xuño).

#### **ART.6º - INSCRIPCIÓN**

Para facer a inscrición e ser usuario/a do comedor escolar, é OBRIGATORIO (Sexas bolseiro/a ou non):

- Cubrir e presentar o impreso de solicitude debidamente cuberto dentro do prazo establecido.
- Presentar o resgardo de *pago da cota anual da ANPA por familia*
- Os nenos e nenas que teñan algún *problema de saúde*, deberán presentar ademais a seguinte documentación:
  - Informe médico.
  - Autorización familiar e médica conforme pode asistir ao servizo de comedor.
  - Protocolo de primeiros auxilios.
- Os/as nenos/as disporán dun menú axeitado ás súas necesidades tanto por motivos médicos, relixiosos,... sempre que así o soliciten na inscrición.
- Porase en coñecemento da ANPA calquera outra información salientable do alumnado que vaia utilizar o servizo de comedor. Por exemplo, as restricións na recollida de nenos/as.
- Non ter débedas coa ANPA ao remate do curso escolar anterior (30 de xuño).

## **ART.7º - SOLICITUDES DE AXUDAS O COMEDOR E SINATURA DAS MESMAS**

Para os/as nenos/as bolseiros/as:

- Nos primeiros meses de cada ano a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo convoca axudas para comedor escolar nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Primaria e Secundaria Obrigatoria destinadas ao curso seguinte.
- Os requisitos e prazos da convocatoria anúncianse nos medios de comunicación.
- O Colexio só notifica os prazos nos que saen as devanditas bolsas.
- As solicitudes deben presentarse directamente no Concello.
- O Concello, a través dos Servizos Sociais, notifica ao colexio a concesión de bolsas e o alumnado subvencionado.
- O Concello envía un impreso ao Colexio coa relación do alumnado subvencionado para ser asinado.

## **ART.9º CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA O ACCESO O SERVIZO DE COMEDOR**

Os criterios de selección aprobados por assemblea convocada pola xunta directiva do ANPA terán a seguinte orde de preferencia:

- Incompatibilidade do horario laboral do pai/nai ou titores legais
- Bolseiros polo Concello de Vigo.
- Os usuarios do servizo do curso anterior.
- Irmáns con praza renovada.

No caso dunha situación de empate, teranse que ter en conta en 1º lugar, a situación de alumnos con necesidades educativas especiais (recoñecidas polos organismos competentes), quedando como último recurso un sorteo público no Consello Escolar.

Recordar que o 15 de xuño do 2025, finaliza o prazo para ingresar o pagamento e facer efectiva a reserva de praza. Só se pedirán as comidas dos que realizasen o pagamento da cota de socio, en caso contrario, córrese o risco da perda da praza.

## **CAPITULO III**

### **SISTEMA DE PAGO DO SERVIZO DE COMEDOR.**

#### **ART.10º - SISTEMA DE PAGO.**

O sistema de pago é o seguinte:

- O pago farase mediante transferencia bancaria.
- O pago dos recibos do comedor farase por adiantado, nos 10 primeiros días de cada mes, no número de conta do COMEDOR: IBAN ES70-0049-1788-2425-1000-9746 do Banco Santander. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ó comedor.
- No caso das familias que solicitaron a bolsa de comedor do Concello, se na data de comezo do curso escolar aínda non hai resolución ao respecto, deberán aboar o mes coma calquera usuario. Unha vez publicadas as bolsas, a ANPA reembolsará o importe correspondente.

Os usuarios/as do comedor terán que abonar:

- Tarifa mensual correspondente ós días fixos que coma á semana (ver táboa).

### **TÁBOA DE TARIFAS CURSO 2024/2025**

#### **SOCIOS**

5 DÍAS FIXO	80 €/MES
4 DÍAS FIXO	67 €/MES
3 DÍAS FIXO	53 €/MES
2 DÍAS FIXO	36 €/MES
1 DÍA FIXO	18 €/MES
DÍAS EXTRA	8 €/DÍA
SEMANAS ALTERNAS	20 €/SEMANA

## **CAPITULO IV**

### **SAUDE E HIXIENE PERSOAL**

#### **ART.11º - SAÚDE**

Os nenos/as que padezan calquera problema de saúde deberán presentar un informe médico, así como unha autorización do pai/nai e do médico conforme pode asistir ó servizo de comedor. Ademais, esixiráselle un protocolo de actuación e primeiros auxilios.

Os nenos/as que requiran unha dieta especial por problemas de saúde deberán comunicalo previamente.

En ningún caso se administrarán medicamentos os alumnos (agás os esixidos polos protocolos).

## **CAPITULO V**

### **NORMAS E OBRIGAS DOS USUARIOS DO COMEDOR.**

- Os nenos/nenas accederán ó comedor trasladándose dende cadansúas aulas e non abandonarán en ningún caso o centro.
- No caso dos/as nenos/as de educación infantil, que sexan os/as propias cuidadores/as os/as que os recollan no patio de infantil, puntualizar que, si se realiza antes do seu horario laboral (de 14:00h a 16:00h), será considerada acción de boa vontade.
- Aqueles usuarios/as que por causas especiais non se atopen no centro á hora de entrar no comedor deberán facelo acompañados polo seu pai, nai, titor comunicando os/as cuidadoras a súa chegada.
- Entrar en orde e sen berrar no comedor.
- Os/as nenos/as tratarán con respecto ós seus compañeiros/as e os/as cuidadores/as e observarán un comportamento axeitado na mesa.
- Os/as nenos/as non poderán traer alimentos nin bebidas ó comedor.
- Os/as nenos/as deberán comer, aínda que sexa unha cantidade pequena, de tódolos alimentos que se sirvan no comedor. Quedan excluídos de dita obrigaón os/as nenos/as con intolerancias alimentarias que aportaran certificado médico.
- Os/as nenos/as faranse responsables dos seus obxectos persoais.
- Os/as nenos/as que utilicen o comedor deberán ser autónomos e poder utilizar a culler e o garfo.

- A organización do comedor custodiará e coidará ao alumnado que fai uso deste servizo de 14:00 a 16:00 horas. No plan madruga, o horario será de 7:30 a 9:00 horas.  
Fora dese horario, a monitoraxe non ten obriga de custodia, quedando o alumnado co profesor de garda, en caso de que este no centro, ou se non, se procederá a chamar a policía para que realice dita custodia.
- As portas do recinto escolar permanecerán pechadas das 14:00 ás 16:00 horas.
- Ningunha persoa allea ao servizo de comedor poderá acceder ao mesmo mentres dure o servizo.
- Antes de entrar ao comedor, todos/as os/as nenos/as lavarán as mans.
- Prestarase especial atención ao labor educativo promovendo hábitos alimentarios, sociais e de hixiene.
- Durante este tempo velarase polas normas xerais do centro.
- Todos os/as alumnos/as comerán o mesmo menú, agás os/as que necesiten dietas brandas e os menús especiais aconsellados polo médico correspondente. Se hai algún tipo de intolerancia a certos alimentos, deberán dicilo e acompañar un informe médico.
- Deixar as mochilas e abrigos nos lugares indicados.
- Esperar tranquilos a que se sirva a comida.
- Os/as alumnos/as deberán comportarse axeitadamente na mesa, coidando a postura e malos modais.
- Seguir as normas sociais establecidas á hora de comer: usar correctamente os utensilios, utilizar pano da mesa, mastigar coa boca pechada, non falar coa boca chea ...
- Pedir as cousas por favor e dar as grazas.
- Falar en voz baixa e respectando aos demais.
- Non xogar cos cubertos nin coa comida.
- O alumnado cooperará na recollida das mesas e cadeiras, despois da comida.
- Os/as usuarios/as do comedor deberán permanecer nos seus sitios ata que os/as coidadores/as os/as autoricen a saír á zona establecida.
- Os/as usuarios/as de comedor deberán, despois da comida, utilizar unicamente os espazos asignados polos/as coidadores/as.
- Sempre haberá un/ha coidador/a vixiando ao alumnado neste espazos.
- O alumnado deberá comprender que os/as coidadores/as do comedor son os/as responsables durante ese tempo, de tal xeito que respectarán e obedecerán as súas indicacións.
- As actuacións do alumnado que non estean de acordo con estas normas comunicaranse á Xefatura de Estudos e/ou Dirección.
- O persoal contará con telefonía móbil e disporá dos teléfonos de tódalas familias dos usuarios. O número do teléfono do comedor é 722.20.67.01 (Lourdes -Persoa de contacto-)

## **ART 13º- ASISTENCIA E PUNTUALIDADE.**

- É de obrigado cumprimento a asistencia tódolos días que figuran na solicitude.
- No caso de ausencia por un ou varios días é necesario comunicalo ó responsable de comedor no local da A.N.P.A. ou no teléfono 669.27.80.14 en horario de 9:00 a 9:30h.
- A persoa encargada de recollelo neno/a do comedor deberá facelo coa máxima puntualidade, e dicir, antes das 16:00 horas. Se non hai profesor de garda, no centro, procederse a chamar á policía para que realice a custodia do mesmo
- As coidadoras non darán os nenos/as a ningunha persoa que non figure no formulario de inscrición o estea autorizado por escrito no local da ANPA.
- Tódolos pais/nais que desexen que os seus fillos/as volvan sos á casa deberán firmar unha autorización expresa que lles dará a ANPA.

## **ART. 14º - MOTIVOS DE SANCIÓN OU EXPULSIÓN.**

Comportamento incorrecto:

No caso reiterado de que os nenos/as se comporten incorrectamente as coidadoras informarán a ANPA para que esta tome a oportuna decisión.

Os casos de maior gravidade serán notificados á dirección do centro; podendo chegar á expulsión do comedor polo tempo que se estime oportuno.

As alteracións da convivencia no comedor diferenciamolas en leves, graves e moi graves.

Considéranse **leves**:

- Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento do comedor.
- Manifestar unha actitude pasiva ou negativa ante os avisos ou correccións.
- Calquera acto de incorrección e desconsideración cara aos outros membros.
- Causar pequenos danos nas instalacións.

As sancións en caso de acumulación de faltas leves serán:

- Estas medidas correctivas serán realizadas polos propios monitores que están presentes nese momento e no caso de reincidencia, serán comunicadas ao ANPA.
- Realización en horario de comedor de tarefas que contribúen á melloría e ao desenvolvemento das actividades de comedor.
- Suspensión do dereito a saír a xogar ao patio.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia a comedor por un período de ata tres días lectivos.

Tres faltas leves corresponderán a unha falta grave.



### Considéranse **graves**:

- As faltas reiteradas de asistencia sen xustificar.
- Os actos de incorrección ou desconsideración cos compañeiros ou membros do comedor.
- Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais do comedor.
- A reiteración no mesmo trimestre de dous ou máis faltas leves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta leve.

### As sancións en caso de faltas graves serán:

- Realización en horario de comedor de tarefas que contribúen á melloría e ao desenvolvemento das actividades de comedor.
- Suspensión do dereito a saír a xogar ao patio.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia a comedor por un período de ata tres días lectivos.

### Considéranse **moi graves**:

- Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, falta de respecto ou actitudes desafiantes, cara aos demais compañeiros ou membros do comedor.
- O acoso físico ou moral dos compañeiros.
- O uso da violencia, as agresións, as ofensas graves ou os actos que atentan gravemente contra os compañeiros ou membros do comedor.
- A discriminación, as vexacións ou as humillacións a calquera membro, xa sexan por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, orientación sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A gravación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio de agresións ou humillacións.
- Os danos graves causados intencionadamente nas instalacións.
- Introducción no comedor de obxectos ou sustancias prexudiciais para a saúde.
- A reiteración no mesmo trimestre de dous ou máis faltas graves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta grave.

### As sancións en caso de faltas moi graves serán:

- Realización en horario de comedor de tarefas que contribúen á melloría e ao desenvolvemento das actividades de comedor.
- Suspensión do dereito a saír a xogar ao patio.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao comedor por un período de ata tres días lectivos.

### Outros motivos de expulsión:

- Chegar tarde reiteradamente a recollelo neno/a.
- Faltar 4 veces ó comedor sen comunicalo ó responsable do mesmo.
- A falta de pago dentro dos prazos establecidos.
- Ter algunha débeda co ANPA por algunha actividade extraescolar que esta organice.

## **CLAUSULA ADICIONAL**

Para o curso 2024/2025 establecerase unha única quenda con un número determinado en 120 prazas.

Quedan consideradas prazas fixas do comedor todas as que queden cubertas en primeiro lugar polos casos de incompatibilidade de ambos cónxuxes ou titores e despois polos bolseiros, a diferenza entre esas prazas e as restantes consideraranse provisionais, as que se poderán mover en caso de urxencia.

Considérase situación de urxencia durante o curso escolar o cambio na situación familiar, o falecemento dos mesmos, os traslados dende outros centros (sempre que cumpran os requisitos) e outras causas de forza maior.

A nova situación de incorporación ao traballo dos pais/nais/titor terá de prazo todo o mes de setembro para engadir o novo horario laboral.

Se se chegara a dar o caso de que todas as prazas se cubriaran con bolseiros ou incompatibles (de ambos os cónxuxes), os casos de emerxencia social terían que entrar igualmente sen eliminar unha das prazas xa cubertas.

Os bolseiros que non presentaran a documentación do comedor en tempo e forma no centro escolar, non serán considerados incorporación de urxencia e quedarán no posto que lles corresponda na lista de espera.

Este regulamento foi aprobado no Consello Escolar celebrado o día 8 de outubro do 2024